

INTERVENCIÓN CONSELLO ESCOLAR DE GALIZA

10 de setembro de 2025

Decreto que polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia

Antes de entrar na valoración do Decreto que vai substituír o do ano 2010 e implementar unha normativa estatal da que todo o que queda é o negativo, é preciso comentar como están hoxe en día os centros nos que se imparte FP para que se vexa a consideración real que lle dá a Consellaría a estas ensinanzas.

A CIG-Ensino pediu que se adiara o inicio de curso até o día 15 na FP, até o día 10 con réxime xeral, porque o tempo era claramente insuficiente para ter todo preparado para o día 8 e máis tendo en conta os cambios que se van aplicar este ano. Pois ben, as clases comezaron e non hai currículo do novo módulo de Afondamento de competencias profesionais (si, estase impartindo un módulo sen currículo porque a Consellaría comprometeuse a enviar un modelo para que os centros o elaboraran e seguen esperando por el). A día de onte nalgúns casos o profesorado non contaba coa listaxe de alumnado matriculado, que dado que o prazo segue aberto até o día 26 poderá seguir incorporándose até o día 29 ás aulas nin se lle puido facilitar o horario ao alumnado. Hai múltiples erros informáticos con Proens para a elaboración das programacións (ou ben non se cargan correctamente os contidos da anterior aplicación ou ben o profesorado non ten acceso ás programacións de anos anteriores porque cambiou de centro...) É dicir, un caos maiúsculo, no que todo son dúbidas e desde logo se a finais de mes o curso bota a andar con normalidade será grazas, e exclusivamente, do profesorado e malia todos os atrancos que lle pon a administración que de esixencias sabe moito pero de estar ao servizo do seu persoal, nada.

A todo isto hai que ter en conta que comeza moito profesorado novo de Inglés que nunca impartiu antes na FP, que hai novos módulos, os de Dixilización e IPE II, dos que por suposto non hai nin un só material elaborado en galego e adaptado á nosa realidade socioproductiva e un longo etcétera.

Prevese un curso moi convulso na FP sobre todo no momento en que chegue a formación curricular na empresa. Veremos para entón como están os ánimos porque o profesorado de FP está farto de burocracia e de prestarse aos intereses privatizadores da Consellaría e das empresas, de traballar en horarios nocturnos non recompensados, de ter que estar pendente da dual intensiva durante o mes de agosto, de formarse pola súa conta e nos seus períodos vacacionais...

Posición sobre o Decreto relacionada coa emenda á totalidade

Xa sobre o Decreto pedimos a retirada deste texto e unha nova negociación do mesmo, dado que **se introducen cuestións moi lesivas para o futuro da calidade das ensinanzas de FP, non se concretan outras que si debería recoller un Decreto e sobre todo non foi contrastado e negociado co profesorado.** Tan só se celebrou unha Mesa Sectorial de mero trámite na que a Consellaría non se comprometeu a ter en conta ningunha das achegas da representación sindical.

Desde o punto de vista sindical a crítica ademais é demoledora polo fondo que agocha este texto. Un **Decreto que vai regular o sistema educativo de formación profesional de Galiza** non pode significar un ataque directo ao seu profesorado. En primeiro lugar, nun contexto de fomento das ensinanzas de Formación Profesional mediante inxentes fondos europeos, este Decreto vai supor algo insólito, **que se reduza persoal docente, que se empeoren as súas condicións de traballo** -cando xa hai dificultades para atopar persoas dispostas a aceptar substitucións ou interinidades en moitas especialidades- **e que o alumnado saia moito menos capacitado**

profesionalmente. É dicir, vaise tirar pola borda o traballo feito durante as dúas últimas décadas para prestixiar estes estudos tanto a nivel social como profesional. Se a LOFP demostrou que algunhas cuestións positivas que contiña eran meras declaracións de intencións, como a integración dos tres subsistemas da formación profesional (regrado, ocupacional e continuo), e abriu a porta aínda a unha maior privatización destes estudos, **este Decreto empeora a xa de por si pésima normativa estatal.**

A Consellaría lamentase de que a reforma da FP estivo moi mal deseñada polo Ministerio pero as súas decisións non fan máis que empeorar a normativa estatal. A primeira delas **eleva ao máximo o tempo de formación na empresa** cando a dual intensiva está a ser un fracaso e hai moitos ciclos que este ano ou ben non obtiveron matrícula suficiente para implantarse ou ben tiveron que deixar de ofertarse en primeiro ou ben o propio alumnado decidiu cambiar á dual xeral (ollo, deixando de cobrar). Mentres tanto queda moito alumnado en listaxe de espera no réxime xeral, e as empresas, academias, fundacións e demais lánzase á caza desas matrículas porque mentres dure o diñeiro de Europa hai que facer negocio. A segunda decisión, **introducir 5 horas semanais de inglés,** detraéndollas aos módulos profesionais sen ter en conta o contexto socioproductivo de cada ciclo nin que o alumnado de ciclos medios e superiores pode perfectamente cursar esta e outras linguas estranxeiras nas EOIs. A terceira, **a distribución dos módulos e do seu horario feita de forma unilateral,** de forma que asignar a segundo curso as 500 horas obrigatorias de formación na empresa e tres novos módulos, desvirtúa complementamente os currículos.

A nivel práctico, todo isto que está a significar para o persoal docente de FP, pois unha “secundarización” no mal sentido destas ensinanzas. Moitos módulos con menos horario cada un, o que impide un afondamento nas competencias profesionais e, no caso de profesorado de Inglés ou de FOL que ten arredor de 10 grupos diferentes, unha mínima especialización nos sectores produtivos de cada ciclo.

Por outra banda, a gran novidade da figura do profesorado-investigador ou profesorado-asociado, vendida polo propio presidente Rueda, resúmese para a CIG en fomentar que **persoas do sector privado sen a titulación esixida nin a formación pedagóxica requirida poidan ser contratadas directamente polos centros para dar os niveis máis altos da Formación Profesional**. A Xunta fai unha reinterpretación do artigo 211 do RD 659/2023 estatal para crear algo que nin sequera o propio Ministerio planificou. En opinión do sindicato “a FP non pode ser nin o retiro dourado de profesionais das empresas nin o contexto para devolver favores”. E dicímolo nun órgano coma este no que quedan claras cales son as intencións dos centros privados de ensinanza (que se nutrirán destes profesionais para non pagar a quen si reúna os requisitos) e da patronal galega, que parece que está buscando unha segunda actividade na Formación Profesional pública para algúns dos seus membros, a xulgar polas emendas que presentan.

A CIG-Ensino denunciará que sexan os propios centros quen teña potestade para realizar contratacións, en réxime laboral e permitindo unha compatibilidade da actividade pública e privada que se lle nega ao actual profesorado de FP, de persoas que, polo que se recolle neste decreto, quedan eximidas da elaboración das programacións didácticas, de xestionar grupos como os da FP Básica ou de Ciclos Medios, do sistema Educabilidade e das auditorías, de facer gardas, da compra e mantemento do material e das instalacións, cando non de estar a pé de obra todo o verán na reforma dun taller, da busca das empresas para a formación... É dicir, este Decreto pretende que haxa dúas categorías de docentes: por un lado quen se presentou a un procedemento selectivo e cumpre cos requisitos marcados na lexislación para exercer e, por outro, unha elite escollida polas direccións dos centros e sen pasar ningún tipo de proceso selectivo que cumpra os principios de igualdade, capacidade e mérito recoñecidos para o acceso á función pública no Estado español. O impulso desta figura choca co principio recollido no artigo 3 i) deste Decreto de “dotar das mellores competencias docentes o profesorado da FP”, senón

que o que o que se pretende é substituílo, ben con esta figura, ben progresivamente coas outras dúas, a do persoal experto do sector produtivo e as persoas sénior de empresa.

En resumo, pedimos que se retiren algúns artigos en concreto, que se recapacite antes de continuar coa tramitación dun Decreto tan baleiro de concreción en cuestións chave e que se nos convoque de novo (a unha Mesa Sectorial) despois de analizar estas achegas que responde a un fondo malestar do profesorado de FP. Tendo en conta o horizonte temporal no que se prevé aprobar dá tempo a emendar de verdade este texto legal e facelo co consenso do sistema educativo de Galiza porque senón non será digno de tal nome.

